

Autor: **BERNARDO ATXAGA**
 Tradución: **RAMÓN NICOLÁS**
 Deseño: **MARC TAEGER**

Encadernación rústica. Caixón de Narrativa
 416 páxinas. 14,5x21 cm.
 ISBN 978-84-96957-36-7

Prezo: 20 €

OBABAKOAK

Para escribir un conto en só cinco minutos cómpre que consiga -ademais da tradicional pluma e do papel branco, naturalmente- un diminuto reloxo de area, o cal lle dará cumprida información tanto do paso do tempo como da vaidade e inutilidade das cousas desta vida; do concreto esforzo, xa que logo, que nese intre está vostede realizando. Non se lle ocorra poñerse diante dunha desas monótonas e monocores paredes modernas, de ningunha maneira; que a súa ollada se perda nesa paisaxe aberta que se espalla alén da súa ventá...



OBRA GALARDOADA CO:

PREMIO EUSKADI 1989

PREMIO DA CRÍTICA 1988

PREMIO NACIONAL DE NARRATIVA 1989

PREMIO MILLEPAGES

"Obabakoak" transporta o lector ao territorio atemporal e infantil dos soños e da imaxinación, onde o extraordinario irrompe no cotiá. Obaba non existe, non está en ningún mapa, é un lugar máxico, mítico e cheo de supersticións, pero o lector axiña atopa un emprazamento para os 26 relatos dos que consta. Realismo fantástico o desta obra que se estrutura en tres apartados: "Infancias", "Nove palabras en honra da vila de Villamediana" e "Á busca da derradeira palabra".

Destaca a importancia que adquire para os protagonistas o exercicio da escritura, reflectida como un acto liberador que lles permite exorcizar os medos máis fondos. Destaca tamén a capacidade do autor para definir con precisión psicolóxica o perfil dos personaxes, chegando ata os recunchos máis privados da conciencia de cada un.

Un dos factores máis salientables é a representación doutros personaxes que non seguen as pautas e convencionalismos morais ou sociais; así, aqueles que pola súa conduta ou forma de pensar son sinalados co dedo, tamén están presentes: o tolo, o ateo, a muller solitaria... Para estes marxinais ou diferentes, o autor traza unha mirada amable e compasiva.

Un libro -publicado en 1988- que invita á reflexión literaria, escrito con singulares e variadas técnicas narrativas, e traducida por Ramón Nicolás a partir da versión en castelán do propio Atxaga; é o libro en éuscaro de máis sona internacional e traducíuse a máis de vinte linguas. Existe unha adaptación cinematográfica dirixida por Montxo Armendáriz.

BERNARDO ATXAGA (Asteasu, Guipúscoa, 1951)

É o pseudónimo de Joseba Irazu Garmendia; licenciado en Ciencias Económicas pola Universidade de Bilbao. A súa produción literaria está escrita integramente en éuscaro e pertence dende 2006 á Real Academia da Lingua Vasca. Entre as súas obras máis importantes destacan o libro de poemas "Etiopía" (1972), "Chuck Aranberri dentista baten etxean" (1982), "Poemas & Híbridos (1993) e "O fillo do acordeonista", co que recibiu o Premio da Crítica 2003, entre outros galardóns, como o Donostia Hiria, o Premio Euskadi de Literatura ou -o máis recente- o Premio Grinzane Cavour de narrativa estranxeira.